

O SON DA CAÍDA

Mascha Schilinski, 2025

1727

ESTREA EN NUMAX: 24.04.2025 | V.O.S.E. | +16 | 150 min

Catro mozas adolescentes viven nunha mesma granxa do norte de Alemaña en épocas diferentes. Co paso dos anos, a casa transfórmase, pero o eco do pasado resoa entre as vellas paredes. A pesar das décadas que as separan, as súas vidas parecen reflexarse entre elas.

«Unha obra comparable a moitas outras —as de Terence Davies, Tarkovski, Haneke, Bergman, Campion ou Lynch— e aínda así absolutamente única»

Nando Salvà, CINEMANÍA



Entrevista con Mascha Schilinski: «Os relatos das mulleres habitualmente quedan nas marxes da Historia con maiúsculas»

Por Eulàlia Iglesias

Sorprende atopar unha película tan ambiciosa e complexa como *O son da caída*.

Tiña claro que quería facer unha película sobre a memoria, e os recordos son complexos. Así que tentamos atopar unha estrutura dramática que acabou tendo unha grande influencia na concepción estética xeral. Con Louise Peter, a coguionista, estivemos a falar durante moito tempo sobre que marca os nosos corpos. Hai acontecementos anteriores ao noso nacemento que nos afectan? Na nosa mente ocorren cousas que ninguén conta, nin tan sequera no seu leito de morte. Interesábanos todos estes elementos non visibles, sobre todo traumáticos, propios da transmisión transxeracional. E tamén esa caixa negra da memoria á que non podemos acceder e que permite que poidamos sobrevivir a algunhas experiencias. O reto era como transformar todo isto nunha película.

Atopar a casa onde sucede todo o filme, o nexo entre todos os personaxes ao longo de catro xeracións, supoño que tamén foi clave. Mentres escribiamos o guión chegou a pandemia. Buscamos un sitio lonxe das contornas urbanas e atopamos esta granxa. Estivera abandonada durante moitos anos e quedou tal cal a deixou o propietario. Pasabamos dun cuarto a outro e viamos as cousas tal como as deixaran os seus antigos habitantes. Resultou moi inspirador, porque me interesa moito a contemporaneidade do tempo. O feito de estar nun cuarto facendo algo totalmente mundano e ser consciente de que nese mesmo lugar outra persoa tivo unha experiencia moi especial. Esta granxa, con toda esta información enclaustrada, podía ser o recipiente perfecto do que queríamos expresar narrativamente.

A película explica as experiencias subxectivas de diferentes personaxes femininos, a maioría de clase obreira. Levaron a cabo algún tipo de traballo de documentación ao respecto? Ao principio non tiñamos a intención de contar a película desde unha perspectiva feminina pero, ao descubrir a casa, decidimos investigar un pouco máis sobre esa rexión. E chamounos a atención a gran cantidade de historias ocultas de mulleres que atopamos lendo entre liñas moitos documentos. Démonos conta de que os relatos destas mulleres tiñan que estar no centro, porque habitualmente quedan nas marxes da Historia con maiúsculas. Recompilamos moito material que puxemos ao dispor dos actores e as actrices para que traballasen os seus personaxes. Pero no guión non desenvolvemos máis os relatos do que vemos na pantalla.

Como decidiron en que momentos concretos situar os catro relatos, tendo en conta ademais o peso da Historia do século XX en Alemaña? Procedemos dunha forma moi pragmática. Investigamos cando se erixiu a granxa. E, como, por condicionantes de produción, non podíamos poñer en escena a súa construción, decidimos empezar a historia cando a familia xa levase uns anos alí instalada. O que nos levou a arrincar coa Primeira Guerra Mundial. E despois quixemos saltar a diferentes xeracións posteriores, porque queríamos saber que nos sucede se non coñecemos aos nosos antecesoros. Así que situamos a segunda historia nos anos corenta, a terceira, nos oitenta, ata chegar á do presente.